



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Traballo Fin de Máster

Materia	Traballo Fin de Máster			
Código	P01M080V01210			
Titulación	Máster Universitario en Arte Contemporánea. Creación e Investigación			
Descritores	Creditos ECTS 6	Sinale OB	Curso 1	Cuadrimestre 2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Buxán Bran, Xosé Manuel Rodríguez Caldas, María del Mar			
Profesorado	Alonso Romera, María Sol Blanco Boga, Alba Blanco Salgueiro, Loreto Buxán Bran, Xosé Manuel Carballas Campo, Monica Laiglesia González de Peredo, Juan Fernando de Pajares Vales, María Teresa Rodríguez Caldas, María del Mar			
Correo-e	xmbuxanbran@yahoo.es marcaldas@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Trátase da elaboración dun traballo práctico acompañado dunha análise do mesmo onde se aporten elementos innovadores baixo unha metodoloxía investigadora. Tamén se traballa a exposición e transmisión pública das ideas e as imaxes propostas.			

## Competencias

Código	
C7	Ea) Capacidade para recoñecer a vinculación entre a teoría e a práctica como eixo da investigación en Belas Artes.
C13	Eg) Capacidade para valorar a realidade da creación artística contemporánea.
C14	Eh) Capacidade para recoñecer a importancia do desenvolvemento persoal na planificación e produción de proxectos artísticos.
C17	Ek) Capacidade para comprender que a creación e a investigación son tarefas en continua innovación.
C21	Eo) Capacidade para distinguir obras de arte e traballos de investigación innovadores. Ep) Coñecemento dos modos de presentación pública do TFM.
C22	Eq) Desenvolvemento de habilidades cognitivas avanzadas relacionadas coa creación dun perfil artístico e investigador no TFM.
C23	Er) Capacidade para elaborar un texto reflexivo sobre a obra creativa concreta desenvolvida no TFM.
C24	E) Capacidade para organizar un proxecto expositivo de obra artística para un espazo específico e nun tempo concreto (TFM).
C25	Et) Capacidade para comunicar con claridade e resolución os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos, materializados no traballo creativo presentado como TFM.
C26	Eu) Desenvolver habilidades de xestión da información para propósitos artísticos e investigadores no TFM.
C27	Ev) Capacidade para integrar coñecementos de campos de estudo diversos no traballo creativo presentado como TFM.

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
A7 Ea) Capacidade para recoñecer a vinculación entre a teoría e a práctica como eixo da investigación en belas artes	C7
A13 Eg) Capacidade para valorar a realidade da creación artística contemporánea.	C13
A14 Eh) Capacidade para recoñecer a importancia do desenvolvemento persoal na planificación e produción dos proxectos artísticos.	C14
A17 Ek) Capacidade para comprender que a creación e a investigación son tarefas en continua innovación.	C17
El) Capacidade para transferir os coñecementos adquiridos á práctica artística, investigadora ou profesional mediante os recursos e metodoloxías adecuados.	C17
A21 Eo) Capacidade para distinguir obras de arte e traballos de investigación innovadores.	C21
Ep) Coñecemento dos modos de presentación pública do TFM.	C21
A22 Eq) Desenvolvemento das habilidades cognitivas avanzadas relacionadas coa creación dun perfil artístico e investigador no TFM.	C22
A23 Er) Capacidade para elaborar un texto reflexivo sobre a obra creativa concreta desenvolvida no TFM.	C23
A24 Es) Capacidade para organizar un proxecto expositivo de obra artística para un espazo específico e un tempo concreto (TFM).	C24
A25 Et) Capacidade para comunicar con claridade e resolución os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos, materializados no traballo creativo presentado como TFM.	C25
A26 Eu) Desenvolvemento das habilidades de xestión da información para propósitos artísticos e investigadores no TFM.	C26
A27 Ev) Capacidade para integrar coñecementos dos campos de estudo diversos no traballo creativo presentado como TFM.	C27

### Contidos

Tema	
1.- A xestión da claridade como materialización do traballo creativo	Fórmulas argumentativas
2.- Transferencia de coñecementos como habilidade cognitiva avanzada	Intersubxectividade
3.- Vinculación entre a teoría e a práctica como eixo da investigación nas belas artes	Estratexia e método
4.- As tarefas da novidade e da innovación	Composición e deconstrución
5.- Carácter da información no proceso da imaxe cultural. A información e a súa posta en circulación.	Circulación sociolóxica da imaxe

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Prácticas de laboratorio	0	100	100
Presentacións/exposicións	0	15	15
Estudos/actividades previas	7	0	7
Informe de prácticas	0	27	27
Traballos e proxectos	1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Prácticas de laboratorio	Desenvolvemento de traballo nos talleres executando un conxunto de obra artística. Elaboración dun traballo teórico paralelo aos desenvolvementos do taller e acorde aos obxectivos do master.
Presentacións/exposicións	Presentación de obra, disposición, visualización, percorrido, posibles lecturas, diálogo co contexto, con outras obras, co espazo. Documentación da obra, fotografía, reprodución. Preparación de material para publicación: documentación gráfica, textos, fichas técnicas, etc..
Estudos/actividades previas	Investigación bibliográfica e das fontes auxiliares. Lectura, análise, clasificación, estudo. Elaboración de arquivo de imaxes e obras doutros artistas.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Estudos/actividades previas	A investigación conducente ao traballo teórico redactado para a súa presentación, é obxecto da atención personalizada das/dos correspondentes titoras/es.

Presentacións/exposicións O traballo conducente á elaboración da obra artística e á preparación da defensa pública, son obxecto de atención personalizada das/dos correspondentes titoras/es.

<b>Avaliación</b>			
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Prácticas de laboratorio	Obra artística desenvolvida nos talleres e traballo teórico. Ambas modalidades deberán poñer de manifesto as competencias adquiridas no master. Valorarase: a) Comprensión, desenvolvemento e interiorización dos procedementos técnicos e conceptuais empregados. b) Nivel de resolución material e adecuación ás intencións e ás formulacións expresivas. c) Grao de riqueza e complexidade sensible, estrutural e conceptual. d) Grao de interiorización e de resposta persoal aos desenvolvementos da arte actual en calquera das súas manifestacións. e) Capacidade de experimentación e indicios de innovación no campo especificamente explorado. Orixinalidade relativa. f) Interese plástico e expresivo da obra. Nesta valoración teranse en conta os informes dos titores (25% Titor + 75% Tribunal).	50	C7 C13 C14 C17 C21 C22 C23 C24 C25 C26 C27
Informe de prácticas	Elaboración da memoria do proxecto seguindo os apartados correspondentes e co rigor e a claridade expositiva necesaria. Debe ser a condensación e análise do traballo realizado. Valorarase: A linguaxe técnica empregada, a claridade da redacción. A cantidade e claridade da información utilizada, se esta é suficiente e conveniente para identificar os elementos cruce do proxecto presentado. Valorarase que os contidos sexan convenientemente organizados, estruturados e desenvolvidos. Valorarase que as fontes documentais sexan suficientes e adecuadas na súa elección e no seu uso.	30	C7 C13 C14 C17 C21 C22 C23 C25 C26 C27
Traballos e proxectos	A forma da presentación. A claridade de dicción, riqueza de vocabulario. A presenza e a actitude ante o tribunal. O coidado, orixinalidade e expresividade dos soportes audiovisuais utilizados como apoio á presentación. A capacidade para responder adecuadamente ás preguntas do tribunal. Terase especialmente en conta a argumentación, capacidade de convicción e manexo da adecuada información nas respostas.	20	C7 C13 C14 C17 C21 C22 C23 C24 C25 C26 C27

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

O tribunal designado pola Comisión Académica estará composto por catro membros. Tres membros serán profesorado da Facultade de Belas Artes de Pontevedra, e o cuarto será unha persoa experta do ámbito artístico que actuará con voz pero sen outorgar cualificación.

O acto de presentación do TFM - do documento escrito ou da obra artística formalizada - realizarase de modo presencial ao finalizar o segundo cuadrimestre. Será un acto público e a defensa terá un tempo máximo de 20 minutos seguido dunha quenda de preguntas dos membros do tribunal. No acto de presentación e defensa valoraranse os aspectos descritos máis arriba coas súas correspondentes porcentaxes. O sistema de cualificación será o definido polo RD 1123/2003 de 5 sept. Os resultados cualificaranse en escala numérica: 0-4,9:suspense / 5,0-6,9: aprobado / 7,0-8,9: notable / 9,0-10: sobresainte.

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

De la Calle, R., **En torno al hecho artístico**, Fernando Torres, ed., 1981

Moles, A., **Sociodinámica de la cultura**, Paidós, 1978

Morin, E., **Introducción al pensamiento complejo**, Gedisa, 1995

Romo, M., **Psicología de la creatividad**, Paidós, 1998

#### **Bibliografía Complementaria**

AA.VV., **Espazo documental.net**, Xunta de Galicia, 2008

---

## **Recomendacións**

---

### **Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

---

Laboratorio de Espazo (II)/P01M080V01108  
Laboratorio de Número (II)/P01M080V01110  
Laboratorio de Tempo (II)/P01M080V01109  
Laboratorio de Unicidade (II)/P01M080V01111  
Perspectivas Actuais/P01M080V01201

---

### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

---

Gnoseoloxía da Arte/P01M080V01101  
Laboratorio de Espazo (I)/P01M080V01112  
Laboratorio de Número (I)/P01M080V01114  
Laboratorio de Tempo (I)/P01M080V01113  
Laboratorio de Unicidade (I)/P01M080V01115  
Prácticas Externas/P01M080V01204  
Proxecto Expositivo/P01M080V01202  
Recursos Cognitivos e Metodolóxicos/P01M080V01102  
Taller de Investigador Invitado/P01M080V01207  
Taller Fotográfico/P01M080V01211  
Tendencias e Modos de Producción Contemporánea/P01M080V01103

---

### **Outros comentarios**

---

Titorías:

X. M. Buxán Bran: xoves e venres de 13.30 a 16.30. Despacho área de escultura 1º andar.

Mar Caldas: 1º cuatrimestre: mércores de 15.30 a 21.30. / 2º cuatrimestre. Xoves: de 9.30 a 10.30, de 14.30 a 16.00, de 20.00 a 21.30. Venres: de 14.30 a 15.00, de 20.00 a 21.30. Despacho área de pintura 2º andar. email: [marcaldas@uvigo.es](mailto:marcaldas@uvigo.es)

---